

	<b>IES MARÍA CASARES. Departamento de FÍSICA E QUÍMICA</b>		<b>2º ESO</b> 2023-2024
	MATERIA	Física e química	
	PROFESOR/A/S	Javier Delgado Corzo Iván Varela Sandá	

BLOQUE	CONTIDOS
<b>1ª AVALIACIÓN</b>	1 <p>Método científico: etapas.</p> <p>Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Magnitudes. Clasificación de magnitudes (intrínsecas e extrínsecas, fundamentais e derivadas). Sistema Internacional de Unidades.</p> <p>Notación científica.</p> <p>Os espazos da física e da química. Normas básicas de seguridade e material de laboratorio.</p>
	2 <p>Propiedades xerais e específicas da materia.</p> <p>Estados de agregación e cambios de estado. Teoría cinético-molecular.</p> <p>Curvas de quecemento e enfriamento.</p> <p>Leis dos gases.</p>
<b>2ª AVALIACIÓN</b>	2 <p>Substancias puras (elementos e compostos) e mesturas (homoxéneas, heteroxéneas e coloides). Mesturas de especial interese.</p> <p>Métodos de separación de mesturas.</p>
	5 <p>Os cambios químicos.</p> <p>Reaccións químicas. A ecuación química e interpretación de fórmulas químicas sinxelas.</p> <p>A química na tecnoloxía, na sociedade e no medio ambiente.</p>
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	4 <p>Estudo do movemento e magnitudes cinemáticas. Sistema de referencia e movemento relativo.</p> <p>Magnitudes cinemáticas: velocidade media, velocidade instantánea e aceleración.</p> <p>Movemento rectilíneo uniforme e uniformemente acelerado.</p> <p>Movemento circular uniforme. Período e frecuencia.</p> <p>Concepto de forza e efectos das forzas nos corpos.</p> <p>Leis de Newton e lei de Hooke.</p> <p>Fenómenos gravitatorios, eléctricos e magnéticos.</p>
	3 <p>Energía: unidades e tipos.</p> <p>Transformación da enerxía.</p> <p>Conservación da enerxía.</p> <p>Fontes de enerxía renovables e non renovables.</p> <p>Efectos da enerxía térmica sobre materia.</p>

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais.	80%
Actividades de aula.	10%
Traballo de clase, actividades, prácticas de laboratorio...	10%
<b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA XUÑO</b>	
Media aritmética das notas das tres avaliacións.	

### **OBSERVACIÓNS: Modificar segundo o departamento.**

En cada avaliación realizaranse, por norma xeral, dúas probas escritas. A materia, en cada avaliación, será acumulativa, polo que na última proba escrita de cada trimestre o alumnado avaliarase de todos os contidos impartidos nese trimestre. A nota das probas escritas sairá de realizar a media ponderal dos dous exames:  $(1^\circ \text{ exame} + 2 \cdot 2^\circ \text{ exame})/3$ .

Ao longo de cada trimestre, poderán realizarse, con ou sen previo aviso, controis de seguimento, a fin de detectar posibles carencias na correcta asimilación dos contidos. Estas probas inclúiranse dentro do apartado **actividades de aula**.

**Para superar a materia, o alumnado deberá de acadar, como mínimo, un 4 en cada avaliación, e que a media aritmética das notas das tres avaliacións sexa de 5 ou superior a 5.** A este respecto, teranse en conta as notas resultantes de calcular as medias, e non as que aparecen redondeadas no boletín.

O alumnado que non supere a materia en primeira instancia, poderá examinarse, en xuño, daquelas avaliacións nas que non acadara a nota mínima. A cualificación obtida nesa proba será a nota final desa avaliación, e, polo tanto, a que se terá en conta para o cálculo da nova nota final da materia, sempre e cando sexa superior á acadada inicialmente. Considerarase superada a materia se, conforme ao establecido anteriormente, a nota final é de alomenos un 5.

## CONTACTO CO PROFESORADO

NOME	CORREO ELECTRÓNICO
Javier Delgado Corzo	O que figura no perfil da aula virtual da materia.
Iván Varela Sandá	O que figura no perfil da aula virtual da materia.